

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E O CONCELLO DE OROSO PARA A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DUN PARQUE CANINO EN PORTO AVIEIRA

Por unha banda, Ángeles Vázquez Mejuto, en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, don Alexánder Doval Expósito, alcalde do Concello de Oroso, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente acordo de cooperación,

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Consellería de Medio Ambiente, e Cambio Climático é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Segundo.- Os concellos teñen atribuídas, a teor do artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), competencias en materia de medio ambiente urbano, en particular parques.

Terceiro. En data 30/06/2026 a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Concello de Oroso asinaron un protocolo de colaboración para fixar un marco xeral de cooperación que culminara na construción e entrega ao Concello de Oroso dun parque canino.





Este convenio ven a desenvolver a previsión recollida no protocolo asinado.

A actuación conxunta que se pretende levar a cabo consiste na execución dun parque canino , así como a formalización dos actos de recepción da obra de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e a posta a disposición do concello quen a recepcionará asumindo a partir da mesma, a súa explotación, mantemento e conservación.

Cuarto.- As condicións ás que debe axustarse a execución deste convenio entre a Consellería e a devandita corporación local para a realización de obras cuxa titularidade corresponde a esta última e que terán por destino o uso ou servizo público, veñen reguladas polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo.

A execución pola Comunidade Autónoma de determinadas obras en réxime de cooperación con outras entidades públicas esixe, cando teñen por finalidade a satisfacción directa de necesidades cuxa prestación corresponde a esta entidades, a posta en marcha de mecanismos que, respectando o marco legal patrimonial vixente, posibiliten a realización das mesmas cos marxes de eficiencia e seguridade requiridos.

Quinto.- De conformidade cos artigos 143 e 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral de acordo coas técnicas que consideren máis axeitadas, como a cooperación interadministrativa para a aplicación da normativa reguladora dunha materia ou actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens. Concretamente o artigo 143.1 establece: "As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

Estas relacións de cooperación, que requiren a aceptación expresa das partes, se formularán en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios nos que se preverán as condicións e compromisos que asuman.

O artigo 48 da citada Lei de réxime xurídico do sector público establece que as Administracións públicas e os organismos públicos, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público, que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Concello



de Oroso , no exercicio das súas competencias, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración para abordar a execución das obras citadas, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Concello de Oroso , que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras de mellora e acondicionamento dun parque canino situado na urbanización de Porto Avieira, nunha superficie de actuación aproximada de 900 m² integrada nun entorno natural consolidado dentro do citado núcleo residencial.

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

A parcela na que se pretende levar a cabo a actuación , e proposta pola entidade local, encontrase no concello de Oroso , situada na urbanización Porto Avieira, nunha contorna privilexiada xunto á zona do merendeiro e área de descanso. Trátase dun espazo destinado ao uso e goce de mascotas e os seus propietarios, integrado nunha contorna natural consolidada dentro do núcleo residencial, que constitúe un punto de encontro habitual para o lecer e o descanso.

O orzamento total previsto total ascende a **52.042,69€** (dos cales : 49.073,73€ corresponden á execución de obra e 2.968,96 € son en concepto de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde)

Segunda.- Compromisos do concello

O Concello de Oroso comprométese a:

1.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes.

Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.

2.- De ser o caso e a requirimento da conselleria, á remisión de todos aqueles





informes que resulten precisos para a contratación das obras.

3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a explotación e conservación das mesmas.

4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, os compromisos a que fan referencia os apartados 1 e 3 anteriores e, se procede, os relacionados no apartado 2.

5.- O concello, como trámite previo á contratación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia asume as seguintes obrigas a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:

1.- Financiar a execución das obras segundo as prescricións do proxecto destinando para isto, con cargo á aplicación orzamentaria 2026.06.04.541B.601.1 código de proxecto 2026 00014 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, un importe de 49.073,73€. Así mesmo con cargo a mesma aplicación e proxecto que as obras, financiarase a dirección e a coordinación de seguridade e saúde das mesmas por importe de 2.968,96 €.

2- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación ou encargo da execución e a dirección da obra sinalada na cláusula primeira, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados, e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

3. Recepcionadas as obras, porase en coñecemento do Concello de Oroso, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga de asumir a explotación, mantemento e conservación das mesmas polo Concello.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificados, complementarios ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao Concello de Oroso para a súa incorporación ao servizo e uso público.



Cuarta.- Relación laboral

A subscripción do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

Quinta.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural ou persoa en quen delegue; o concello estará representado pola persoa titular da alcaldía ou persoa en quen delegue.

A dita comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do acordo por algunha das partes.

Sexta.- Resolución

Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula quinta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá conlevar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade





- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Sétima.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula terceira do convenio.

Oitava.- Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo e demais normas de Dereito administrativo e en defecto deste último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

Novena.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décima.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á



protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo primeira.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que ambas as partes acordén unanimemente unha prórroga por un período máximo de dous anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente convenio na data sinalada.

A conselleira de
Medio Ambiente e Cambio Climático

O Alcalde de Oroso

Ángeles Vázquez Mejuto

Alexander Doval Expósito

